

## Política OTM-R

### Contratación aberta, transparente e baseada en méritos

A **Universidade de Vigo**, como institución adherida aos estándares do programa HR Excelencia na Investigación desde o ano 2016, comprométese a desenvolver e aplicar os principios establecidos na Carta Europea para o persoal investigador e no Código de Conduta para contratar persoal investigador (a Carta e o Código) relacionados coa contratación do seu persoal investigador.

A universidade considera prioritario asegurar a **contratación da persoa candidata co perfil más axeitado para cada posto de traballo**, o que proporciona beneficios para o persoal e o seu entorno de traballo, a institución e, en liñas xerais, para o sistema docente e investigador e a sociedade no seu conxunto.

O compromiso de levar a cabo **procesos de selección e contratación abertos, transparentes, baseados en méritos e internacionalmente comparables** (estratexia OTM-R) permitirá fomentar a mobilidade do persoal, o intercambio de coñecementos e o incremento da calidade da docencia e da investigación.

Estes principios serán aplicables a **todo o persoal investigador**, independentemente do seu perfil (R1 a R4) ou categoría profesional, respectando, ademais da Carta e o Código, a lexislación e a normativa nacional e internacional en vigor, e garantindo os principios constitucionais de igualdade no acceso, mérito e capacidade.

A Universidade desenvolverá a normativa e os procedementos necesarios para garantir estes principios, así como os medios e ferramentas necesarias para que estes procesos se xestionen baixo **criterios de eficacia e de sostenibilidade**. Tamén, poderá establecer programas específicos de contratación que promocionen e consideren estes criterios.

Esta política será revisada en cada ciclo de renovación do selo HR, considerando os resultados obtidos, ou cando as circunstancias así o aconsellen.

O reitor da Universidade de Vigo

A vicerreitora de investigación,  
transferencia e innovación

Aprobada en Consello de Goberno de 26 de decembro de 2023

*OTM-R (Open, transparent and merit-based recruitment)*

